

COMPOSTELA

VI CONCURSO
DE CANTO

LÍRICA

BASES

A Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela constitúe unha entidade sen ánimo de lucro, que actúa en Santiago de Compostela e na súa área metropolitana. As súas finalidades son o cultivo e fomento da ópera e de todas aquelas actividades, incluídas as pedagóxicas, que poidan levar a unha expansión e a un maior coñecemento da mesma. En 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, celebráronse as cinco primeiras edicións do Concurso de Canto, con gran éxito de participantes e unha acollida calorosa por parte do público.

O VI Concurso de Canto “Compostela Lírica”, dotado pola Fundación José Otero-Carmela Martínez, terá como destinatarios/as a novos talentos do mundo da lírica. O seu obxectivo é fornecerlos dunha proxección profesional na etapa inicial das súas carreiras. A organización corre a cargo da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela.

O Concurso conta co patrocinio e a colaboración da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña, do Concello de Santiago de Compostela e do Consello da Cultura Galega.

BASES DO VI CONCURSO COMPOSTELA LIRICA

PRIMEIRA ROLDA(ELIMINATORIA):

VENRES, 1 DE DECEMBRO DE 2023,
A partir das 17.00 H.

SEGUNDA ROLDA (FINAL):

SÁBADO, 2 DE DECEMBRO DE 2023,
A partir das 20.00 H.

LUGAR:

Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela

PRIMERO PREMIO:

Diploma acreditativo, 4.000 € brutos, actuación remunerada coa Real Filharmonía de Galicia, recital remunerado no marco do Festival “Les Musicales du Luberon” e un rol na temporada de Ópera de Oviedo.

SEGUNDO PREMIO:

Diploma acreditativo, 2.000 € brutos e recital remunerado en Santiago de Compostela.

TERCEIRO PREMIO:

Diploma acreditativo e 1.000 € brutos

DIPLOMA “ANDRÉS GAOS”
AO/Á CANTANTE GALEGO/A MAIS PROMETEDOR/A

Diploma acreditativo e recital remunerado en Galicia.

Diploma a todos/as os/as finalistas.

O Concurso está dirixido a voces solistas, de calquera tesitura vocal, que cumpran cos requisitos indicados na presente convocatoria.

- A). O VI Concurso de Canto “COMPOSTELA LÍRICA” está reservado exclusivamente ao xénero Ópera, na modalidade de VOZ SOLISTA de calquera tesitura vocal. Non poderá participar quen obtivese o Primeiro Premio ou o Segundo Premio en edicións anteriores.
- B). A idade mínima para participar será de 18 anos e a idade máxima será de 35 anos. Este requisito debe cumprirse o 1 de xaneiro de 2023.
- C). O período de inscrición comprende desde o 15 de setembro de 2023 ata o 15 de outubro de 2023, incluído.
- D). Establécese unha rolda preliminar de selección.

Quedarán exentos desta rolda preliminar todos aqueles participantes que obtivesen un primeiro premio nalgún concurso de canto operístico, sempre que así o soliciten e demostren coa documentación pertinente, no momento da inscrición. A Asociación revisará dita documentación e comunicará persoalmente ao candidato o seu pase á rolda final.

Xunto ás persoas que estean nesta situación, pasarán á rolda presencial as persoas seleccionadas pola Xunta Directiva a partir dos vídeos presentados, conforme ao indicado posteriormente. O total de participantes seleccionados por ambas as vías non será superior a 20.

A taxa de inscrición para todos os participantes será de 20€ por solista e non se devolverá en ningún caso. Deberá ingresarse na conta da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela en Caixabank IBAN: ES69 2100 2186 9001 0049 7129 e acompañar o xustificante do ingreso coa inscrición ao concurso. O candidato/a deberá abonar o importe da taxa (comisións bancarias a cargo do candidato/a) mediante transferencia bancaria ou ingreso na conta indicada, especificando no concepto de pago: VI CONCURSO DE CANTO “COMPOSTELA LÍRICA”.

Para inscribirse, os/as interesados/as deberán remitir un correo electrónico á dirección amigos@operacompostela.com, cos seguintes datos:

- Biografía en formato pdf (incluíndo dirección de correo electrónico de contacto para notificacións e número de teléfono móbil).
- Copia do DNI/NIE ou pasaporte fotografado ou escaneado, para a verificación do requisito da idade.
- Xustificante de ingreso da taxa de inscrición en formato pdf.

- O vínculo a unha gravación de vídeo dunha aria de ópera a elección de cada solicitante, que enlace cunha páxina de envío de contidos de grandes dimensións, como Wetransfer ou similares, que será utilizada para a selección preliminar pola Xunta Directiva da ADOC.

É responsabilidade do candidato/a que o vídeo poida reproducirse. A Asociación poderá rexeitar automaticamente calquera contido cuxa reprodución non sexa viable ou esperte dúbidas. Estas gravacións terán carácter confidencial e non serán difundidas pola Asociación en ningún caso.

E). Antes do 30 de outubro de 2023, a Asociación escollerá aos 20 participantes que acceden á rolda presencial eliminatoria. A taxa de participación na rolda presencial eliminatoria será de 30€ por solista, independentes dos abonados na inscrición; estas taxas non serán devoltas en ningún caso. Deberá ingresarse na conta da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela en Caixabank IBAN: ES69 2100 2186 9001 0049 7129 e acompañar o xustificante do ingreso coa inscrición ao concurso. O candidato/a deberá abonar o importe da taxa (comisións bancarias a cargo do candidato/a) mediante transferencia bancaria ou ingreso na conta indicada, especificando no concepto de pago: VI CONCURSO DE CANTO “COMPOSTELA LÍRICA”.

A Asociación poñerase en contacto cos/as seleccionados/as, que deberán achegar antes do 7 de novembro os seguintes documentos a través do correo electrónico:

- Xustificante de ingreso da taxa de participación na rolda presencial eliminatoria en formato pdf.
- Fotografía actualizada en formato jpg e un resumo biográfico de 150 palabras en formato pdf. Os participantes ceden á Asociación o dereito para utilizar dita fotografía e resumo nas súas redes sociais para a promoción do Concurso.
- Indicación de se necesita pianista acompañante (a Asociación dispón de pianista para o Concurso) ou se conta co/coa seu/sua propio/a pianista acompañante.
- Título das tres arias de ópera que interpretaría na rolda presencial eliminatoria do Concurso e as súas correspondentes partituras en formato pdf.
- Documento asinado polo que se permite o manexo dos seus datos e o uso da súa imaxe para os efectos do Concurso (proporcionarase modelo)
- Identificación do perfil de Facebook ao que se enlazará a información correspondente nas redes sociais da Asociación.

F). A organización do Concurso resérvase o dereito de admisión dos/as participantes ao mesmo, no caso de non cumprir todos os requisitos. A taxa de inscrición non será devolta en ningún caso.

G). A confirmación da inscrición no VI Concurso de Canto “COMPOSTELA LÍRICA” notificarase a cada un dos/as admitidos/as por correo electrónico a través da dirección de correo que indique cada solicitante.

H). A organización do VI Concurso de Canto “COMPOSTELA LÍRICA” non se fai cargo dos gastos de viaxe e/ou aloxamento e manutención que os/as participantes poidan xerar na súa participación no Concurso. Tampouco se fai cargo dos gastos, dereitos ou emolumentos dos/as pianistas que acompañen aos/as concursantes, distintos aos/as facilitados/as pola organización.

1ª ROLDA PRESENCIAL, ELIMINATORIA

VENRES, 1 DE DECEMBRO DE 2023,

Ás 17:00 HORAS

- a).- Mediante sorteo previo á celebración de cada unha das roldas do Concurso, determinarase a orde de participación.
- b).- A rolda presencial eliminatória do Concurso celebrarase o venres 1 de decembro de 2023, a partir das 17:00 horas no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela e terá carácter público.
- c).- A organización do VI Concurso de Canto “COMPOSTELA LÍRICA” facilitará pianista acompañante a todos/as os/as concursantes que así o solicitasen no correo de inscrición. Se o/a concursante así o desexa, poderá presentarse co/coa seu/súa propio/a pianista acompañante.
- d).- Os/as participantes poderán realizar un ensaio nas horas previas ao comezo do Concurso. A duración do ensaio fixarase en función do número de participantes.
- e).- Para o desenvolvemento desta rolda presencial eliminatória, o Xurado elixirá con carácter previo unha das tres arias presentadas por cada un dos/as participantes. A elección será comunicada con antelación aos/as participantes. A partir da audición das citadas arias elixidas polo Xurado, este determinará que solistas pasarán á rolda final.
- g).- Ao finalizar a primeira rolda presencial, tras a oportuna deliberación, o Xurado anunciará o nome dos/as oito solistas que pasarán á rolda final. O veredicto do Xurado será inapelable.

2ª ROLDA PRESENCIAL, FINAL

SÁBADO, 2 DE DECEMBRO DE 2023,
Ás 20.00 HORAS

- a).- A rolda final do VI Concurso de Canto “COMPOSTELA LÍRICA” celebrarase o sábado 2 de decembro, a partir das 20.00 horas, no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela.
- b).- Esta segunda rolda será de carácter público.
- c).- Os/as participantes só poderán realizar un ensaio nas horas da tarde previas ao comezo desta segunda rolda do Concurso.
- d).- Audición pública da ROLDA FINAL DO CONCURSO:
- Cada concursante, admitido/a na rolda final, interpretará as dúas arias, das tres que indicou no momento da inscrición, que non coincidan coa aria que interpretou na rolda eliminatoria.
 - A organización do VI Concurso de Canto “COMPOSTELA LÍRICA” facilitará pianista acompañante a todos/as os/as concursantes que así o solicitasen no correo de inscrición. Se o/a concursante así o desexa, poderá presentarse co/coa seu/súa propio/a pianista acompañante.

e).- Ao finalizar a rolda final, o Xurado, tras a oportuna deliberación, dará a coñecer ao público o nome dos/as Gañadores/as. O veredicto do Xurado será inapelable.

f).- A organización do Concurso resérvase os dereitos de gravación e retransmisión por calquera medio audiovisual de gravación, reprodución e/ou difusión existente ou que poida xurdir, das intervencións dos/as concursantes, os/as cales renuncian expresa e formalmente a todos aqueles dereitos económicos que por este motivo puidésenlle corresponder. Estas gravacións son para o arquivo do Concurso e para a publicidade en medios audiovisuais, non podendo ser usados para explotación comercial. En todo caso, a organización incluírá os nomes dos/as cantantes nos materiais.

g).- A viaxe, aloxamento e manutención, no caso de que algún/a concursante ou pianista acompañante propio/a precíseo, correrá a cargo dos/as concursantes.

XURADO

O Xurado valorará as calidades técnicas, artísticas, interpretativas e escénicas, así como a dificultade das arias interpretadas.

A participación implica a enteira e responsable aceptación das presentes bases.

D. Patrick Canac

Presidente e fundador da Asociación
“Les Musicales du Luberon”

D. Aquiles Machado

Ddirector artístico da Programación
Lírica da Coruña

D. Maciej Pikulski

Pianista

D^a. Elisabete Matos

Directora artística do Teatro São Carlos
de Lisboa

D^a. Victoria Stapells

Crítica musical

D^a Graziela Valceva Fierro

Mezzosoprano e profesora de canto

D. Celestino Varela

Director artístico da Ópera de Oviedo

Presidente do xurado:

D. Arturo Reverter

Gutiérrez de Terán

Crítico musical

Secretario do xurado:

D. José María

Miranda Boto

Membro da Xunta
Directiva de ADOC

Sen voz nin voto

PREMIOS

- O Xurado resérvase o dereito de non conceder algún dos premios.

- As decisións do Xurado son inapelables.

- A entrega dos premios terá lugar no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela unha vez terminada a participación dos/as finalistas e transcorrido o tempo necesario para a deliberación do Xurado.

PRIMERO PREMIO:

Diploma acreditativo, 4.000 € brutos, actuación remunerada coa Real Filharmonía de Galicia, recital remunerado no marco do Festival “Les Musicales du Luberon” e un rol na temporada de Ópera de Oviedo.

SEGUNDO PREMIO:

Diploma acreditativo, 2.000 € brutos e recital remunerado en Santiago de Compostela.

TERCEIRO PREMIO:

Diploma acreditativo e 1.000 € brutos

DIPLOMA “ANDRÉS GAOS”

AO/Á CANTANTE GALEGO/A MAIS PROMETEDOR:

Diploma acreditativo e recital remunerado en Galicia.

Diploma a todos/as os/as finalistas.